



NOTA DE PRENSA DE REGAI SOBRE A “LEI TRANS”

Desde a Rede Galega pola Igualdade manifestamos a nosa fonda preocupación ante a inminente aprobación pola vía de urxencia do proxecto de **Ley para la igualdad real y efectiva de las personas trans y para la garantía de los derechos de las personas LGTBI** -coñecida como Lei trans- por ser unha normativa transversal que **inflúe na saúde** de diversos colectivos vulnerables, especialmente na infancia e na adolescencia, e porque atenta, directamente, **contra toda a arquitectura lexislativa estatal que ampara ás mulleres en base ó sexo biolóxico**. En risco están as cotas paritarias en empresas, institucións e partidos políticos, ata a igualdade de condicións en competicións deportivas e no acceso a oposicións. A libre elección do sexo rexistral sen que medie requisito previo suporá un **retroceso na seguridade e intimidade das mulleres** que veremos perigar os espazos non mixtos en vestuarios, ximnasios, cárceres ou refuxios para maltratadas. E tamén suporá un antes e un despois na interpretación de **Ley Orgánica de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género**, xa que calquera persoa que se declare muller poderá eludir as penas relativas ó agravante de sexo.

Dende REGAI **estamos tamén do lado dos proxenitores** que verán perigar incluso a patria potestade dos seus propios fillos e fillas se se negan a autorizar o cambio rexistral ou tratamentos irreversibles de reasignación de sexo. De aprobarse, esta lei **vulnerará o deber superior do Estado de garantir a protección de tódolos menores**. Pedimos ó Goberno do Estado un debate parlamentario transparente de cara á cidadanía e **que se escoiten as voces das persoas expertas da saúde infanto-xuvenil** (particularmente da saúde mental) **e tamén do movemento feminista español**. Ante a proximidade das eleccións municipais en Galicia, **esiximos ós diferentes grupos políticos galegos que se manifesten abertamente** sobre esta lei, a cidadanía ten dereito a saber.

Recordamos que as mulleres feministas estivemos sempre na vangarda da defensa dos dereitos humanos. **Xamais pretendemos limitar dereitos senón garantizalos** e entendemos que con esta lei se vulneran varios principios democráticos básicos, empezando pola **liberdade de expresión** que se verá moi comprometida polas altas sancións administrativas que se contemplan na nova norma. Porén, rogamos ós medios de comunicación que recollan tamén testimonios discordantes con esta proposta de lei e dean visibilidade ás feministas críticas co sistema sexo-xénero. Levamos dous anos sentíndonos censuradas. Dicar a verdade non é odio.

Forman parte da Rede Galega Galega pola Igualdade mulleres xuristas, avogadas, sanitarias, axentes de igualdade, xornalistas ou políticas. REGAI fundouse en 2011 e ten un carácter abolicionista e apartidista.

Pontevedra, 29 de outubro de 2022